

## CONDICIÓN DO PROGRAMA

### 1-Obxecto

Desde a Concellería de servizos sociais e discapacidade do Concello de Monforte de Lemos organiza para o curso 2022-2023 as actividades do PROGRAMA ACTIVA a desenvolver de novembro de 2022 a xuño de 2023 as cales teñen como finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, promover a participación social da poboación, posibilitar espazos de encontro interxeracional e dinamizar os núcleos rurais.

### 2-Actividades e prazas convocadas nas parroquias

Ofértanse un total de 4 actividades e de 200 prazas que son gratuítas para as persoas participantes e subvencionadas no 100% polo Concello: Ximnasia de mantemento, conservando a memoria, manuaisidades e costura creativa

### 3-Beneficiarios

Poderán solicitar algunha das actividades ofertadas os representantes das parroquias sempre que dispoñan dun local con condicións axeitadas para desenvolver a actividade. Solicitarase unha actividade das ofertadas. Terán preferencia na participación da actividade concedida os veciños/as da parroquia. No caso de existir prazas vacantes poderán participar os veciños doutras parroquias.

### 4-Requisitos das persoas participantes nas actividades

- Estar empadroadado nalgunha das parroquias rurais do Concello de Monforte de Lemos.
- Non ter praza asignada nas actividades programadas para o mesmo período no centro cívico social municipal.
- Non presentar alteracións e comportamento que poidan alterar o normal funcionamento da actividade, nin padecer enfermidade transmissible con risco de contaxio. No caso de participar en actividades que requiriran actividade física, non padecer doenza que poida ocasionar risco para a saúde.
- Aceptar as condicións do programa. De forma excepcional, e previa valoración dos servizos sociais, poderase eximir dalgún dos requisitos establecidos de forma xeral.

### 4-Praza e lugar de presentación de solicitudes de participación

O representante da parroquia presentará o modelo normalizado de solicitude presencialmente no Rexistro do Concello ou na Secretaría do Centro cívico social en horario de 9,00 a 14,00h ou no rexistro telemático do 22/09/2022 ó 11/10/2022. As persoas interesadas en participar na actividade concedida dirixirse o representante da parroquia para que proceda a inscribilo na actividade facilitando os datos necesarios (nome e apelidos, DNI, data de nacemento). O prazo estará aberto ata cubrir prazas ofertadas en cada actividade.

### 5-Procedemento de concesión de actividades

Os servizos sociais comunicarán a concesión da actividade solicitada no prazo de 1 semana desde o prazo de finalización de solicitudes. No caso de imposibilidade de realizar a actividade solicitada por non existir dispoñibilidade de monitor proporase a participación noutra actividade das ofertadas. Terase en conta a preferencia de horarios para realizar a actividade concedida aínda que estará condicionada á dispoñibilidade horaria do monitor/a. No caso de renunciar á actividade concedida presentarán a renuncia por escrito no Rexistro municipal ou por correo electrónico ([servizosociais@concellodeomonforte.com](mailto:servizosociais@concellodeomonforte.com))

### 6- Condicións específicas

- Para poder desenvolver a actividade é preciso dispor dun local que reúna condicións axeitadas para desenvolver a actividade e non supoña un risco para os participantes.
- O representante da parroquia será o encargado de publicitar a actividade concedida, así como informar e inscribir ás persoas interesadas en participar consonte ós requisitos establecidos.
- Unha semana antes ó inicio da actividade o representante da parroquia remitirá ós servizos sociais a listaxe de persoas participantes, segundo o modelo facilitado para realizar comprobación cumprimento requisitos e confirmar a asignación da praza.
- Teñen preferencia para participar os veciños que residan na parroquia, máis admitirase a participación na actividade de persoas que residan noutras parroquias sempre e cando existan prazas dispoñibles.
- No caso de que a demanda sexa superior á oferta de prazas na parroquia elaborase unha lista de agarda na actividade, que no caso de producirse algunha vacante, será chamada por orde de prelación na lista.
- Producirase a baixa da actividade e a perda de dereitos automaticamente no caso de que a persoa participante acumule 3 faltas sen xustificar.
- Para iniciar a actividade é necesario que estean cubertas o 75% de prazas e non deberá baixar durante o desenvolvemento do 50%.
- O Concello reservarase o dereito de anulación de calquera das actividades se non existise o número de inscricións suficientes ao inicio das mesmas, así como adoitar medidas oportunas no caso de non cumprir o mínimo de prazas durante o seu desenvolvemento.
- As persoas participantes deberán levar o material requirido na actividade escollida.



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS

# PROGRAMA

# “ACTIVA”

# 2022/2023



## ACTIVIDADES EN PARROQUIAS LOCAIS SOCIAIS


## GRATUITAS PARA @S VECIÑ@S DA PARROQUIA

INSCRIPCIÓN  
INSCRIPCIÓN



+ información






XIMNÁSIÁ DE MANTEMENTO  
GIMNASIA DE MANTENIMIENTO



MANUALIDADES



COSTURA CREATIVA



CONSERVANDO A MEMORIA  
CONSERVANDO LA MEMORIA



LIBERDADE DE HORARIOS  
LIBERTAD DE HORARIOS

PODESE ESCOLLER AO SOLICITAR A ACTIVIDADE  
SE PUEDE ESCOGER AL SOLICITAR LA ACTIVIDAD

## DÍAS NON LECTIVOS

FESTIVIDADE / FESTIVIDAD	DATA / FECHA	DIA SEMANA
Día de todos os Santos	01/11/2022	Martes
Día da Constitución Española	06/12/2022	Martes
Día da Inmaculada Concepción	08/12/2022	Xoves / Jueves
Vacacións de Nadal	23/12/2022 a 06/01/2023	
Entroido	21, 21 e 22 de febreiro de 2023	
San José	20/03/2023	Luns / Lunes
Semana Santa	03/04/2023 a 10/04/2023	
Martes de Pascua	11/04/2023	Martes
Día das Letras Galegas	17/05/2023	Mércores / Miércoles
Día de San Antonio	13/06/2023	Martes

## INSCRIPCIÓN / INSCRIPCIÓN:

Cómo?: **EXCLUSIVAMENTE** A TRAVÉS DO IMPRESO SES-MA-203

Onde?:

- PRESENCIALMENTE, NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO
- A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA.

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Centro Cívico –Social

Paseo do Malecón, s/n - 1ª Planta

27400 Monforte de Lemos

☎ 982 416 541



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS